

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024203	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A arte de falar en público con elocuencia é unha habilidade imprescindible na sociedade actual. Por iso, os contidos da materia de Oratoria van máis alá do espazo que lles atribúe o currículo, ata o punto de que estes axudan ao alumnado na súa formación integral nun momento preciso da súa etapa educativa.

No contexto normativo actual, esta disciplina contribúe ao desenvolvemento das destrezas vinculadas coas competencias clave. Hai que destacar que se traballa especialmente para adquirir a Competencia en comunicación lingüística (CCL), a Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), e a Competencia emprendedora (CE). Ademais, debido ao papel fundamental que ten a utilización das Tecnoloxías da información e da comunicación, tamén se desenvolven habilidades propias da Competencia dixital (CD), tan importante na sociedade tecnolóxica actual e do futuro.

O carácter esencial da materia e a súa transversalidade, inciden tamén na súa influencia e no desenvolvemento global do alumnado. Neste sentido, ser un bo comunicador ou unha boa comunicadora axuda aos alumnos e ás alumnas na súa traxectoria académica e profesional, fortalece a imaxe que teñen de si mesmos, permítelles xestionar mellor as súas emocións e a formar un xuízo crítico e ético. Así mesmo, mellora a súa participación colectiva e democrática dentro da sociedade, pois as interaccións sociais implican falar, participar, debater e respectar aos demais, entre outros elementos.

Por último, cómpre ter en conta que na actualidade recórrese dunha maneira máis frecuente á oratoria, xa que é o período onde se dispón de máis oportunidades e medios que facilitan a consecución de transformacións e melloras. Polo tanto, a materia en 3º de ESO pretende dotar ao alumnado dos mecanismos necesarios para articular unha boa comunicación e capacidade de abstracción en canto á posibilidade de xerar discursos adecuados ás necesidades de cada momento.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte de persuadir	Con esta unidade pretendemos que o alumnado coñeza os conceptos básicos da retórica, así como os tipos de argumentos e os tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión.	25	25	X		
2	O discurso retórico (I): a dispositivo, a memoria e a actio.	Con esta unidade queremos que o alumnado saiba como preparar un discurso. Neste sentido, aprenderá todo o relacionado coa adecuación, a estrutura que ten que seguir e os recursos argumentativos que pode empregar.	25	26	X	X	
3	O discurso retórico (I): a inventio.	Con esta unidade preténdese que o alumnado teña as ferramentas necesarias para poder seleccionar a información de forma correcta. Desta maneira, é importante que coñeza os tipos de fontes documentais, os tipos de contidos e que manexe diferentes estratexias de selección de ideas. Así mesmo, é fundamental a xestión da información desde un punto de vista crítico e honesto, así como ser quen de diferenciar entre os datos que son	20	26		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O discurso retórico (I): a inventio.	válidos e os que non.	20	26		X	
4	O discurso retórico (I): a dispositio, a actio oratoria.	Con esta unidade o alumnado adquirirá os coñecementos necesarios para a presentación do discurso. Neste sentido, aprenderá a xestionar as súas emocións e todo o relacionado coa dicción, a quinésica, e a proxémica. Así mesmo, buscarase a naturalidade e que coñeza diferentes soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o seu discurso.	30	28			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A arte de persuadir	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	O alumnado ten que coñecer como xorde a Oratoria para poder afrontar os diferentes contidos que se van impartir no ao longo do curso.	PE	80
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	O alumnado ten que saber identificar nos textos propios dos medios de comunicación e do ámbito académico a súa intención persuasiva, a súa tese e ser que de diferenciar entre os argumentos obxectivos e emocionais.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado ten que valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	O alumnado ten que saber elaborar un argumento e un contraargumento ante unha tese. Ademais, debe recoñecer polo menos unha falacia.		
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	O alumnado ten que coñecer as técnicas persuasivas que relacionan a Oratoria con outras disciplinas.	TI	20
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	O alumnado ten que coñecer os diferentes elementos que forman o discurso persuasivo: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.

UD	Título da UD	Duración
2	O discurso retórico (I): a dispositio, a memoria e a actio.	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	O alumnado elabora un discurso no cal se pode distinguir a súa introdución, o seu desenvolvemento e a súa conclusión.	PE	70
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	O alumnado ten que saber empregar premisas, teses e siloxismos para defender unha idea determinada.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado debe redactar un discurso conciso, claro e eficaz no que, ademais, empregue procedimentos retóricos deste tipo de textos e no que evite cometer erros lingüísticos.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	O alumnado ten que crear o seu discurso de forma que se adapte á temática, aos receptores, á canle, e ao contexto.	TI	30
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	O alumnado ten que ser capaz de empregar os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os diferentes tipos de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

UD	Título da UD	Duración
3	O discurso retórico (I): a inventio.	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	O alumnado elabora un discurso no cal se pode distinguir a súa introdución, o seu desenvolvemento e a súa conclusión.	PE	30
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	O alumnado ten que saber empregar argumentos de autoridade, exemplificacións e analoxías para mostrar a súa opinión.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado debe redactar un discurso conciso, claro e eficaz no que, ademais, empregue procedementos retóricos deste tipo de textos e no que evite cometer erros lingüísticos.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumnado ten que saber diferenciar entre as fontes primarias e secundarias e manexar distintos tipos de fontes (orais, escritas, audiovisuais, gráficas e da rede).	TI	70
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado debe consultar como mínimo dúas fontes de información para contrastar os datos e seleccionar o máis relevante.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	O alumnado ten que diferenciar. entre os contidos lóxicos e os emocionais.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	O alumnado debe escoller correctamente os contidos lóxicos dunha fonte concreta.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado ten que ser respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	O alumnado ten que crear o seu discurso de forma que se adapte á temática, aos receptores, á canle, e ao contexto.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	O alumnado ten que ser capaz de empregar os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os diferentes tipos de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

UD	Título da UD	Duración
4	O discurso retórico (I): a dispositio, a actio oratoria.	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumnado ten que saber diferenciar entre as fontes primarias e secundarias e manexar distintos tipos de fontes (orais, escritas, audiovisuais, gráficas e da rede).	TI	100
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado debe consultar como mínimo dúas fontes de información para contrastar os datos e seleccionar o máis relevante.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	O alumnado ten que diferenciar entre contidos lóxicos e emocionais.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	O alumnado debe escoller correctamente os contidos lóxicos dunha fonte concreta.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado ten que ser respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	O alumnado debe usar o guión e as TIC para apoiar o seu discurso oral.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	O alumnado ten que ser capaz de casi memorizar un discurso deixando momentos para a improvisación e a espontaneidade co fin de non crear un discurso artificial.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado debe expresarse con asertividade, empatía e naturalidade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado ten que demostrar autoconfianza.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	O alumnado ten que controlar a dicción persuasiva, é dicir, saber modular o tono, o volume, o ritmo e poñer énfase nos momentos do discurso que así o necesiten. Igualmente, debe facer uso das pausas e dos silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Na posta en escena, o alumnado ten que controlar a súa postura corporal e coidar a expresión facial evitando os tics.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado ten que manexar como mínimo dúas ferramentas para elaborar as presentacións que apoién as súas exposicións orais.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado ten que demostrar unha actitude de respecto fronte ás intervencións dos compañeiros e practicar a escoita activa (entender, refutar e persuadir), así como a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación

Contidos

- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.
- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En primeiro lugar, hai que destacar que a metodoloxía que se vai empregar na materia de Oratoria ten que favorecer o desenvolvemento progresivo das aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos e das competencias clave. Así mesmo, cómpre ter en conta que as actividades sempre se van a adaptar á madurez do alumnado para, así, dar resposta aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe a través de propostas individualizadas segundo as necesidades detectadas.

En segundo lugar, o docente será un xestor do coñecemento para que as alumnas e os alumnos gañen máis protagonismo. Deste xeito, participarán de forma activa para obter unha aprendizaxe significativa.

Por outro lado, a metodoloxía tamén inclúe estratexias de indagación e de aprendizaxe por descubrimento, así como tarefas para traballar en grupo, pois non só axudan a desenvolver as habilidades sociais básicas, senón que tamén funcionan como unha medida de atención á diversidade.

Ademais, traballárase de maneira transversal con outros departamentos do centro polo carácter interdisciplinar que ten implícito a materia. Así, preténdese colaborar cos departamentos de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura, así como co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca escolar.

A continuación, mostramos como se vai realizar o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os

pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ten que estar adecuado en relación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos

orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica con especial atención aos artigos de opinión, a publicidade e a propaganda para que sexan críticos coa información que lles chega.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de catro unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinariedade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado que esta materia é cursada por primeira vez polo alumnado que a escolleu como optativa a avaliación inicial non procede xa que carecen de coñecementos previos ao respecto. Non obstante, a principios de curso traballarase con eles un texto argumentativo coa finalidade de que comprobar que é o que recordan desta tipoloxía textual e que sirva como punto de arranque da materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	20	30	100
Proba escrita	80	70	30	0	44
Táboa de indicadores	20	30	70	100	56

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso, o alumnado será avaliado a través de diferentes instrumentos de avaliación. Os criterios de cualificación serán os seguintes para cada un dos trimestres:

Proba escrita - 20%

Comprensión e expresión escrita - 30%

Comprensión e expresión oral - 50%

O cálculo da nota da primeira, da segunda e da terceira avaliación será a través dunha media ponderada das notas obtidas nas diferentes destrezas. Ademais, o resultado da media ponderada truncarase nas unidades cando o valor da décima sexa inferior a sete e redondearase se ese valor é igual ou maior a sete.

En canto ao cálculo da nota da avaliación final, terase en conta a media das notas obtidas nas tres avaliacións tendo en conta os decimais e redondeo ao enteiro máis próximo.

Por outro lado, cómpre destacar que o alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ter avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- Ou que media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, sexa igual ou superior a 5.

Ademais, o alumnado terá a posibilidade de subir nota en cada avaliación mediante a realización dun traballo acordado entre o profesorado e o alumnado.

Consideracións sobre as faltas ortográficas

As faltas de ortografía restan nota:

Cada falta ortográfica por mal uso de grafía ou til resta cero coma cero cinco (0,05) puntos á nota obtida na proba ou traballo escrito.

A penalización máxima por este concepto en cada actividade ou traballo será dun (1) punto.

Se o alumno non utiliza o rexistro adecuado (uso de coloquialismos, vulgarismos...), poderase descontar ata cero coma cinco (0,5 puntos).

Por pobreza ou falta de precisión léxica, por repeticións continuadas de vocablos, calcos do galego ou incorreccións morfosintácticas, poderase descontar ata cero coma vintecinco (0,25) puntos en cada caso.

Se un alumno copia nun exame, este será invalidado coa calificación de 0 (cero) puntos.

A mala presentación baixará ata un cero coma vintecinco (0,25) e a incompreensión das respostas cero coma vintecinco (0,25) en cada pregunta.

Pola contra, se non se incumpre ningún dos apartados anteriores e os traballos ou probas presentan, ademais, unha boa presentación e siguen as normas establecidas para elas polo profesorado a nota do traballo ou proba poderá incrementarse en cero coma cinco puntos (0,5)

Criterios de recuperación:

Os alumnos que obteñan unha cualificación inferior a 5 terán a posibilidade de realizar unha proba ou entrega de traballo de recuperación ao inicio de cada novo trimestre. No caso de que non sexan capaces de ir recuperando a materia desta maneira terán unha última oportunidade no mes de xuño, previa á avaliación final, na que poderán

recuperar as avaliacións que teñan suspensas ou mesmo todo o curso. Esta proba versará sobre os coñecementos mínimos imprescindibles que deba ter adquiridos no curso o alumnado e que aparecen especificados na presente programación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia, o alumnado terá que superar dúas actividades prácticas por cada avaliación, que se entregarán/realizarán nos meses de xaneiro e de abril ou maio. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Os alumnos/as que non superasen por este procedemento a materia pendente terán unha nova oportunidade en xuño, previa á avaliación final ordinaria, e que consistirá unicamente na realización dunha proba escrita e que suporá o 100% da nota da materia pendente.

No que atinxe a alumnado que estea a repetir curso, este será obxecto de seguimento individualizado por parte do profesor/a que lle imparta clase no curso actual para resolver as súas dúbidas e axudarlle a que coñeza os contidos mínimos e supere os criterios de avaliación básicos da materia. Para isto, o profesorado deste alumnado poderá proporlle tarefas específicas que contribúan á adquisición dos coñecementos mínimos esixibles e terá unha fluída e habitual comunicación con el para coñecer as súas dificultades e progresos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de accións educativas destinadas a responder ás distintas capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde dos estudantes.

Estas medidas están destinadas a acadar os obxectivos e competencias establecidos e están rexidos polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, estandarización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal e cooperación da comunidade educativa.

No presente curso académico no nivel de 4º da ESO atopamos necesidades educativas diversas que obrigarán á adaptación e flexibilización dos ritmos de aprendizaxe así como das actividades e propostas de aprendizaxe e dos instrumentos de avaliación.

En concreto, dos trece alumnos matriculados neste nivel existen dous casos de necesidades específicas de apoio educativo por mor das especiais circunstancias que presenta este alumnado: TDA-H, TEA, dislexia ...

Estas situacións conlevan a aplicación de estratexias específicas para cada un deles que propicien a mellora da súa aprendizaxe e a adquisición das competencias clave e dos obxectivos e saberes básicos do curso.

Estas estratexias ordinarias de ensino aprendizaxe flexibles poden concretarse da seguinte maneira, sempre tendo en conta as necesidades educativas deste alumnado:

- Propostas de actividades específicas simplificadas, guiadas e adaptadas ao nivel académico do alumno.
- Simplificación dos contidos mediante apuntamentos esquematizados e nos que se diferencie a importancia dos contidos que deben ser coñecidos.
- Adecuación e flexibilización de tempos para a realización de probas e traballos.
- Adaptación ás características de aprendizaxe específicas do alumnado dos instrumentos de avaliación.
- Proposta de actividades de reforzo específicas para o afianzamento dos saberes básicos.
- Elaboración de estratexias para o favorecemento do traballo colaborativo deste alumnado en diferentes situación de aprendizaxe.

Asemade, se se presentan situacións especiais que aconsellen a aplicación de medidas extraordinarias de atención á diversidade (por exemplo adaptacións curriculares ou co traballo co profesorado de PT) estas implementaranse en coordinación co Departamento de Orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X	X	X	X
ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.4 - O compromiso co desenvolvemento sostible.	X	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión.	X	X	X	X
ET.7 - A xustiza, o pluralismo político, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.				X

Observacións:

Durante o curso, xunto aos contidos específicos da materia, debemos ter en conta tamén os elementos transversais que, debido a súa importancia para o desenvolvemento do alumnado, impregnarán a actividade educativa no seu conxunto. Así, todos estes elementos están relacionados con valores que se van fomentar ao longo dos trimestres nas diferentes unidades aproveitando, así mesmo, algunhas das conmemoracións que teñan lugar como, por exemplo, o Día da Muller ou o Día do Libro.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade, que se traballan en todas as materias, terán en Oratoria un impulso especial debido ás características da materia en si.

Outros elementos transversais que se tratarán son a igualdade efectiva entre mulleres e homes, a prevención contra a violencia de xénero e a igualdade de trato e a non discriminación. O principal obxectivo é concienciar ao alumnado sobre a necesidade dunha igualdade real entre os sexos en todos os ámbitos sociais. Igualmente, preténdese evitar actitudes discriminatorias fronte ao colectivo LGTBQ+ e se lles ofrecerá aos alumnos e alumnas un entorno propicio para a libre elección de xénero. Ademais, se fomentará a visibilidade das mulleres pertencentes a diferentes épocas e a diversos campos do coñecemento.

Alén diso, tamén se traballarán outros temas. Entre eles, podemos destacar a educación cívica e constitucional, a educación para o consumo, a educación para a paz, a educación artística, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. Deste xeito, o alumnado aprenderá a ser responsable, tolerante, pacífico e democrático e iso resultará nunha sociedade máis igualitaria e concienciada co medio ambiente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Parlamento Xove.	O obxectivo desta actividade é que o alumnado coñeza o Parlamento Xove para poder participar nalgunhas das edicións futuras. Así mesmo, será unha experiencia enriquecedora porque coñecerán xente da súa idade e servirá para que collan referencias en canto a como falar en público, que postura do corpo adoptar e como argumentar para persuadir ao receptor. Polo tanto, no caso de que exista a posibilidade de que o alumnado poida asistir como público, coñecerán como se leva a cabo esta competición na que os diversos equipos inscritos investigan e debaten sobre un tema formulado pola organización. Se non se pode asistir, intentarase que o alumnado poida seguilo en directo a través das ligazóns que ofrece esta competición na súa páxina web.		X	X
Creación dun anuncio publicitario sobre a ruta Senda das Lúas	O obxectivo é persuadir a un público obxectivo para promocionar a ruta da Senda das Lúas que se enmarca no Polo Creativo do centro.		X	X
Realización de concurso de debate de diferentes temáticas (alumnado de 3º e 4º ESO)	O obxectivo desta actividade é potenciar as habilidades individuais e en grupo, entre as que destacan o desenvolvemento da capacidade de selección de información, a expresión escrita, a expresión oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo ou a convivencia. Así mesmo, serve para traballar con diferentes elementos transversais.	X	X	X
Encontro cun bo comunicador ou comunicadora.	O obxectivo desta actividade é que o alumnado poida coñecer a unha persoa de referencia no mundo da oratoria. Neste sentido, espérase que aprendan técnicas para mellorar a súa posta en escena e que, incluso, superen as súas inseguridades a través da resolución de preguntas cunha persoa experimentada neste ámbito.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, análises de discursos...)

Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Outros
Realízanse as actividades complementarias programadas.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado información sobre os seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicacións PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados